



Concello de Xove

Expediente núm.: 1118/2025

Procedemento: CONVOCATORIA DE SUBVENCÍONS EN CONCORRENCIA NON COMPETITIVA.- AXUDAS PARA BALEIRADO DE FOSAS SÉPTICAS OU OUTROS SISTEMAS INDIVIDUAIS DE XESTIÓN DE AUGAS RESIDUAIS PARA O EXERCICIO 2026

Documento asinado por: A Auxiliar de Agricultura

Dando cumprimento á Providencia de Alcaldía obrante no expediente e conforme ao previsto na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, e no que sexa de aplicación, o RD 887/2006, de 21 de xullo; a Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Xove; e observado o Plan Estratéxico de Subvencións aprobado polo Concello no Pleno na súa sesión de 14 de outubro de 2024 (B.O.P. núm. 243 de 21 de outubro de 2024) e ao obxecto de potenciar a debida xestión dos residuos xerados nas fosas sépticas ou outros sistemas individuais de xestión de augas residuais sitos en contornas sen rede de sumidoiros municipais, formúlase a seguinte:

PROPOSTA DE CONVOCATORIA DE AXUDAS PARA BALEIRADO DE FOSAS SÉPTICAS OU OUTROS SISTEMAS INDIVIDUAIS DE XESTIÓN DE AUGAS RESIDUAIS PARA O EXERCICIO 2026, EN RÉXIME DE CONCORRENCIA NON COMPETITIVA E MEDIANTE TRAMITACIÓN ANTICIPADA

PRIMEIRA.- DEFINICIÓ DO OBXECTO

O obxecto da presente convocatoria é potenciar a debida xestión dos residuos xerados nas fosas sépticas ou outros sistemas individuais de xestión de augas residuais sitos en contornas sen rede de sumidoiros municipais

SEGUNDA.-SUXEITOS BENEFICIARIOS

1. Poderán ser beneficiarias destas axudas as persoas físicas maiores de idade titulares de inmobles residencias sitos no termo municipal do concello de Xove en contornas sen rede de saneamento municipal que estean provistos de fosas sépticas ou outros sistemas individuais de xestión de augas residuais en contornas sen rede de sumidoiros municipal.

2. Do mesmo xeito, poderán ser beneficiarias as persoas físicas maiores de idade titulares de establecementos de aloxamento turístico e de restauración nos termos da normativa galega de turismo en vigor, que estean provistos de fosas sépticas ou outros sistemas individuais de xestión de augas residuais en contornas sen rede de sumidoiros municipal.

TERCEIRA. -GASTOS SUBVENCIONABLES E IMPORTE DA SUBVENCIÓN

1. Serán subvencionables os gastos relativos á limpeza de fosa séptica ou outros sistemas individuais de xestión de augas residuais vencelladas a





Concello de Xove

inmobles residencias, así como, de establecementos de aloxamento turístico e de restauración nos termos da normativa galega de turismo en vigor sitos no termo municipal do concello de Xove en contornas sen rede de saneamento municipal realizados no ano 2026 e ata o fin do prazo de presentación de solicitudes.

2. Subvencionaranse as limpeza de fosa séptica ou outros sistemas individuais de xestión de augas residuais ata nun 100% do custo da limpeza, sen que o importe máximo poda superar os 200 euros.

3. Financiarase unha limpeza de fosa séptica ou sistema individual de xestión de augas residuais vencelladas a inmobles residencias, así como, de establecementos de aloxamento turístico e de restauración nos termos da normativa galega de turismo en vigor sitos no termo municipal do concello de Xove en contornas sen rede de sumidoiros municipal, cada cinco (5) anos.

CUARTA.-SOLICITUDES E PRAZO DE PRESENTACIÓN

1. As solicitudes de subvención poderán presentarse, na oficina de asistencia en materia de rexistro do Concello de Xove ou a través da sede electrónica.

2. O prazo de presentación de solicitudes será o comprendido entre o o día 1 de xaneiro e o 10 de decembro de 2026.

2. Ao impreso acompañaranse os seguintes documentos:

- Anexo I debidamente cumprimentado
- Documento acreditativo da identidade de quen o solicite.
- En caso de intervir como representante, poder de representación.
- Acreditación por calquera medio válido en dereito, da titularidade e uso da edificación, sendo admitido a tal fin entre outros documentos, unha certificación catastral.
- Acreditación do gasto realizado segundo o previsto na cláusula sétima das presentes bases da convocatoria.

3. A presentación da solicitude de axuda implicará a autorización ao Concello de Xove para obter calquera tipo de información a través de entidades públicas ou privadas, sobre os datos do titular e/ou do representante necesarios para determinar ou non a obtención da axuda.

QUINTO.-PROCEDIMENTO

1. As solicitudes serán tramitadas polo Concello, anexando toda a documentación precisa. A concesión e, no seu caso, a denegación das axudas previstas nestas bases realizaranse mediante acordo expreso da Xunta de Goberno Local (Decreto de Alcaldía 2023/632), a proposta do órgano instructor que será a auxiliar administrativa do servizo de Agricultura, Gandería e Montes.

2. Ao tratarse dun procedemento administrativo que non leva aparellado o





Concello de Xove

esgotamento do crédito nun só acto de concesión senon que a súa disposición se realiza en actos sucesivos, e tal e como dispón o artigo 31.4 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, no momento do esgotamento da partida orzamentaria non poderán admitirse posteriores solicitudes destinadas a participar nel, salvo que se recorra a unha nova convocatoria, da forma establecida no artigo 31.2 da Lei anterior.

Exceptúase o requisito de fixar unha orde de prelación entre as solicitudes presentadas non sendo necesario polo tanto a comparación entre as mesmas, co límite do crédito orzamentario existente nesta convocatoria.

Consonte ao establecido no artigo 30.7 da LXS, as subvencións que se concedan en atención á concorrencia dunha determinada situación no perceptor, non requirirán outra xustificación que a acreditación, por calquera medio admisible en dereito, de dita situación previamente á concesión, sen prexuízo dos controis que puidesen establecerse para verificar a súa existencia.

3. O prazo para a resolución do procedemento será de seis meses a contar desde o día seguinte ao último para a presentación de solicitudes.

4. No caso de que a administración observe deficiencias na solicitude en virtude do establecido no artigo 23.5 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, concederase un prazo de 10 días para a súa corrección desde a notificación, na que se advertirá que de non producirse dita corrección entenderase desistida a súa solicitude.

5. Examinadas todas as solicitudes presentadas e concluído o prazo de corrección de erros no seu caso, o órgano instrutor emitirá informe no que incluírá unha relación das solicitudes presentadas, indicando a súa estimación ou desestimación, indicando os motivos da mesma e a contía de cada subvención.

6. O expediente será obxecto de resolución única por acordo ou resolución do órgano competente, a cal será notificada aos interesados de acordo co previsto na presente cláusula.

7. As notificacións de resolucións e actos administrativos que se diten no marco deste procedemento, practicaranse por medios non electrónicos agás que os interesados soliciten expresamente a súa notificación por medios electrónicos á hora de solicitar a correspondente axuda.

8. As resolucións ditadas ao abeiro da presente convocatoria poñerán fin á vía administrativa e contra elas poderán interpoñerse os seguintes recursos, sen prexuízo de que os interesados poidan exercer calquera outro que consideren procedente:

a) Recurso potestativo de reposición, ante a Alcaldía do concello de Xove. O prazo para a interposición do recurso de reposición será dun mes, se o acto fora expreso. Transcorrido o dito prazo, unicamente poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo, sen prexuízo, de ser o caso, da procedencia do recurso extraordinario de revisión. Se o acto non fora





Concello de Xove

expreso, a persoa solicitante e outras posibles interesadas poderán interpoñer recurso de reposición en calquera momento a partir do día seguinte a aquel en que, de acordo coa súa normativa específica, se produza o acto presunto.

b) Recurso contencioso-administrativo, ante os xulgados do contencioso-administrativo de Lugo, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da notificación da resolución, se esta for expresa, ou de seis meses contados a partir do seguinte a aquel en que se produza o acto presunto.

SEXTA.-XESTIÓN, IMPORTE E ABONO DA SUBVENCIÓN

1. A subvención solicitarase para os gastos por servizos realizados no exercicio orzamentario 2026 entre o 1 de outubro de 2025 e o 10 de decembro de 2026.

2. O crédito destinado á presente convocatoria ascende ao importe de 5.000,00 euros–consignados na partida 160.489 do Estado de Gastos do Orzamento Municipal para o exercicio de 2026.

3. No caso de que o importe das subvencións superase o límite establecido na partida orzamentaria correspondente, aplicarase o rateo entre todas elas, sen prexuízo do posible incremento do crédito dispoñible para as subvencións convocadas de acordo co previsto no artigo 31.2 c) da Lei Xeral de Subvención de Galicia.

4. Poderase financiar ata o 100% dos gastos subvencionables solicitados, co límite global do crédito dispoñible

5. A contía máxima a cada persoa beneficiaria será de 200 euros.

6. O importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, illada ou en concorrencia con outras subvencións ou axudas supere o custo da actividade subvencionada.

7. O pago das axudas realizarase mediante transferencia bancaria, en función das dispoñibilidades da tesourería municipal, unha vez que se adopte acordo/resolución aprobatorio/a da concesión das mesmas.

Será requisito indispensable para o libramento estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias co Concello de Xove

SÉTIMA.-XUSTIFICACIÓN DÁ SUBVENCIÓN

1. No mesmo momento de presentar a solicitude de axuda deberá achegarse igualmente a documentación xustificativa do gasto realizado.

2. Para a xustificación deberá achegarse ao Concello a seguinte documentación:

- Factura emitida a nome do titular do inmovible por empresa homologada acreditativa do gasto realizado para o baleirado da fosa





Concello de Xove

ou outro sistema de xestión de augas, no período comprendido entre o 1 de outubro de 2025 e o 10 de decembro de 2026. A factura deberá cumprir os requisitos establecidos para a súa expedición no R.D. 1619/2012, ademais de estar datadas no período subvencionable e cuxo contido de xeito resumido é o seguinte:

- a) Número e no seu caso, serie
- b) Data de expedición
- c) Nome e apelidos, razón ou denominación social completa, tanto do expedidor como do destinatario (que ten que coincidir co beneficiario da subvención)
- d) N.I.F. do expedidor da factura e N.I.F. do destinatario
- e) Domicilio, tanto do obrigado a expedir a factura como do destinatario das operacións (beneficiario da subvención)
- f) Descrición da operación realizada co suficiente detalle, incluíndo o importe unitario **sen imposto** da operación.
- g) O tipo impositivo ou tipos do IVE, no seu caso, aplicados ás operacións. Caso de estar exenta de IVE, facer referencia a este extremo
- h) O importe a que ascende o IVE
- i) Importe total da factura

Non se admitirán facturas emitidas a persoa física ou xurídica distinta do beneficiario da subvención.

- Documento acreditativo do pagamento da factura, entendendo como tal o extracto ou certificación bancaria da transferencia, non sendo válido en ningún caso o pagamento en efectivo.
- O certificado acreditativo de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias co Concello de Xove será emitido de oficio por este e incorporado ao expediente.

3. Non caso de existir algún erro ou fallo na xustificación da subvención ou no caso de que se perciba pola persoa beneficiaria un ingreso indebido, desenvolverase o procedemento de reintegro establecido na lexislación vixente.

OITAVA.-CONCORRENCIA DE AXUDAS

As axudas previstas na presente normativa serán compatibles coa obtención de calquera tipo de subvención ou axuda que para o mesmo fin poidan obterse de calquera outra Administración Pública, sen que en ningún caso poda ser de tal contía que, illada ou en concorrencia con outras subvencións ou axudas supere o custo da actividade subvencionada.

NOVENA.- VERIFICACIÓN E CONTROL

As adxudicacións deste tipo de axudas poderán ser revogadas total ou parcialmente, se teña aboado ou non o seu importe, no caso de descubrirse que na súa concesión concorrese en ocultación ou falseamento de datos.

DÉCIMA.- RÉXIME SANCIONADOR





Concello de Xove

O réxime de infraccións e sancións no que a esta subvención se refire será o establecido na Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeneral de Subvencións, así como, na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

UNDÉCIMA.-RÉXIME XURÍDICO

Para o non recollido nas presentes bases reguladoras estarase ao disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, así como, á Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e as normas regulamentarias que as desenvolven.

O órgano xestor,

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE





Concello de Xove

ANEXO I

SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN PARA BALEIRADO DE FOSAS SÉPTICAS OU OUTROS SISTEMAS DE XESTIÓN DE AUGAS RESIDUAIS

D/DNA.	
Provisto do N.I.F. núm:	
Con domicilio aos efectos de notificacións:	
Teléfono:	
Actuando en representación de:	
N.I.F. núm representado:	
Enderezo de correo-e:	

EXPÓN

Que, publicado no Boletín Oficial da Provincia o Extracto da Convocatoria das axudas para baleirado de fosas sépticas ou outros sistemas de axudas de augas residuais

SOLICITO

A concesión de unha axuda e acompañao ao efecto a seguinte DOCUMENTACIÓN:

- Fotocopia do N.I.F. do solicitante
- Certificación da conta bancaria á que se pode transferir o importe da subvención.
- Factura dos servizos efectuados no período comprendido entre o 1 de outubro de 2025 e o 10 de decembro de 2026 a nome do titular do inmovible cos requisitos sinalados na cláusula sétima das bases da convocatoria.
- Documento acreditativo do pagamento da factura, entendendo como tal o extracto ou certificación bancaria da transferencia.
- Acreditación por calquera medio válido en dereito, da titularidade e uso da edificación, sendo admitido a tal fin entre outros documentos, unha certificación catastral.

DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE, que:

- Cumpro e acepto as condicións da subvención previstas nas Bases Reguladoras.
- Non me atopo incurso en ningunha das prohibicións que para ser





Concello de Xove

beneficiario se establecen no artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (artigo 10.2 da Lei 9/2017, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia).

DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE QUE (Sinalar cun X o que proceda):

- ☐ Non teño solicitado/recibido ningunha outra subvención ou ingreso para a mesma finalidade para a que se solicita a axuda.
- ☐ Teño solicitado /recibido outras subvencións ou ingresos para a mesma finalidade para a que se solicita a axuda, outorgada por e por un importe de:

ENTIDADE DA QUE SE SOLICITOU A AXUDA	DATA DE SOLICITUDE	DATA DE CONCESIÓN	IMPORTE SOLICITADO	IMPORTE CONCEDIDO

No caso de solicitudes denegadas farase constar esta circunstancia na columna de "Data de concesión"

5) COMPROMÉTOME A:

- Xustificar os gastos subvencionados nos termos establecidos nas Bases Reguladoras da subvención
- Facilitar canta documentación sexa requerida polos órganos competentes do Concello ao obxecto de supervisar a adecuada aplicación da subvención
- Comunicar ao Concello de Xove a obtención de calquera subvención ou axuda de calquera entidade pública ou privada que teña por finalidade o baleirado de fosas sépticas ou outros sistemas de xestión de augas residuais
- Acreditar que se atopa ao corrente co cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social
- Que a subvención concedida sexa destinada á finalidade prevista.
- Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos do artigo 37 da Lei Xeral de Subvencións

6) AUTORIZACIÓN EXPRESA

- ☐ AUTORIZO
- ☐ NON AUTORIZO

Ao Concello de Xove para extraer, de oficio, os certificados acreditativos de atoparse ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias coa AEAT e o Concello de Xove así como o certificado de estar ao corrente do cumprimento das obrigas coa Seguridade Social. Non obstante, preferiblemente, deberán presentarse polo solicitante

En Xove, a de de

Asdo:.....

De acordo co establecido no Regulamento UE 2016/679 de Protección de Datos Persoais (RGPD), informámolo de que o responsable do tratamento dos seus datos persoais é o Concello de Xove con dirección en C/ Camiño Real, s/n, CP 27870, Xove. (Lugo). Os seus datos persoais serán empregados para





Concello de Xove

a gestión do expediente administrativo solicitado por vostede a través do presente formulario. A lexitimación para o tratamento dos seus datos persoais é o cumprimento de unha obriga legal. Os seus datos persoais cederanse cando exista unha obriga legal para cedelos. Vostede ten dereito a acceder, rectificar ou suprimir os seus datos, así como outros dereitos, tal e como se explica na información adicional e detallada de protección de datos, que pode consultar na oficina da entidade sita na dirección arriba indicada ou ben solicitándoa a través da sede electrónica do Concello: <https://xove.sedelectronica.gal/info>.

i. Cláusula de primeira capa

De acordo co establecido no RGPD e a LOPDGDD, informámoslle que o responsable de tratamento dos seus datos persoais é o Concello de Xove con enderezo en C/Camiño Real, s/n, Xove. Os seus datos persoais serán empregados para a xestión do programa de axuda ao baleirado de fosas sépticas. Vostede ten dereito a acceder, rectificar, así como outros dereitos, tal e como se explica na información adicional e detallada de protección de datos, que pode consultar na oficina da entidade sita na dirección arriba indicada ou ben solicitándoa a través da sede electrónica do Concello: <https://xove.sedelectronica.gal/info.0>

ii. Información adicional de protección de datos

Tratamento	PROGRAMA AXUDAS BALEIRADO FOSAS SÉPTICAS.
Responsable de tratamento	Concello de Xove, C/ Camiño Real, s/n, CP 27870, en Xove (Lugo). correo electrónico: concello@xove.es ; teléfono: 982 592 001
Datos Delegado de Protección de Datos	Nome do Delegado de Protección de Datos: Softwariza3, S.L.U. Correo electrónico: dpd@softwariza3.es ; Teléfono: 965 68 14 18
Finalidade e prazos de conservación	Xestión do programa de axudas para o baleirado das fosas sépticas, pago da axuda e xestións administrativas vinculadas ao expediente. Os datos proporcionados conservaranse durante o tempo necesario para cumprir coa finalidade para a que foron recabados para determinar posibles responsabilidades que se poideran derivar de dita finalidade e/ou tratamento de datos. Os seus datos non serán utilizados para elaborar decisións automatizadas.
Lexitimación do tratamento	A base legal para o tratamento dos seus datos é o cumprimento dunha misión realizada en interés público ou no exercicio de poderes públicos conferidos ao responsable de tratamento en cumprimento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.
Destinatarios dos datos	Os seus datos persoais serán cedidos ás administracións públicas con competencia na materia. Non están previstas transferencias internacionais a terceiros dos seus datos.
Dereitos das persoas interesadas	<u>Dereito de acceso</u> : pedir información dos datos persoais que dispoñamos acerca de vostede. <u>Dereito de rectificación</u> : comunicar calquera cambio nos datos persoais. Para máis información de cómo poder exercitar os seus dereitos dirixase ao Rexistro de Entrada do Concello de Xove sito no enderezo arriba indicado, ou pode levar a cabo dita acción a través dos formularios que a entidade pon á súa disposición na sede electrónica do Concello: https://xove.sedelectronica.gal/info.0 Si considera que algún dos dereitos anteriormente mencionados non foi respetado, Vostede terá dereito a presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos. (https://www.agpd.es/portalwebAGPD/index-ides-idphp.php).

